



A ÁREA SANITARIA DE VIGO AMPLÍA O HORARIO DO PUNTO DE ATENCIÓN MÓBIL PARA CRIBADOS DE ANTÍXENOS

- *Os traballos realizaranse no vehículo do Sergas situado na explanada fronte ao edificio do Real Club Náutico en quendas de mañá e tarde dende hoxe*
- *No inmobile de Sanidade en García Barbón faranse tarefas administrativas de certificados de Vacinación e trámites Chave365, polas tardes*
- *O sistema de autocita para Cribado, trámites administrativos Chave365 e certificados de Vacinación está dispoñible no enlace: <https://coronavirus.sergas.gal/cribado/>*

Vigo, 2 de agosto de 2021. A Área Sanitaria de Vigo ampliará o horario do Punto de Atención Móbil (PAM) para a atención á cidadanía dende hoxe. No mesmo realizaranse cribados de antíxenos á poboación en horario de mañá e tarde mediante o sistema de autocita no enlace: <https://coronavirus.sergas.gal/cribado/>. A nova franxa horaria é de 8:30 a 14:00 horas e de 15:30 a 21:00 horas, de luns a venres, e sábados de 8:30 a 14:00 horas.

Dentro das novas medidas para facilitar os trámites aos cidadáns, impleméntase, ademais, horario de tarde para a realización de tarefas administrativas: certificados de vacinación e Chave365. Para iso habilitase o horario de atención ao público de 15:30 a 21:30 horas no edificio de Sanidade en García Barbón, 51. Na planta baixa haberá un equipo que se encargará destas tarefas cara ao público.

O xerente da Área Sanitaria de Vigo, Javier Puente, explicou que “con este dispositivo perséguese dous obxectivos; o primeiro, achegar á poboación a posibilidade de realizar test de antíxenos para a detección de asintomáticos contaxiados polo virus, e o segundo, apoiar aos centros de saúde nas tarefas administrativas relacionadas coa obtención dos certificados de vacinación e trámites de Chave365”.

